



**Resolución do XX de XX de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se concretan as condicións de selección de centros e se establece a dotación orzamentaria para as accións "Voluntariado de lectura Primaria" e "Selo Biblioteca Escolar Solidaria" no curso 2022/2023, segundo o previsto na Resolución do 30 de novembro de 2022 pola que se convoca o Programa de Bibliotecas Escolares Solidarias integrado no PLAN LÍA da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.**

Segundo o establecido no apartado 10 da Resolución de 30 de novembro de 2022, é necesario concretar as condicións de selección de ata 15 centros para o Selo de Biblioteca Escolar Solidaria e ata un máximo de 10 experiencias para Voluntariado de lectura Primaria, especificando o detalle do número de centros galardoados polas súas actividades, a contía de asignación prevista para a realización de obradoiros nos centros premiados e a tipoloxía destes obradoiros.

De acordo con anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

## DISPÓN:

### Apartado 1. Obxecto

1. O obxecto desta resolución é concretar as condicións establecidas na Resolución do 30 de novembro de 2022 do programa Bibliotecas Escolares Solidarias que ten por finalidade recoñecer o traballo das comunidades educativas a prol dunhas bibliotecas escolares atentas ás necesidades de todos os seus integrantes en materia de lectura e de acceso ao coñecemento mediante un apoio económico que sustente estas iniciativas, a través da selección de:

a) Un máximo de **15 centros** para a concesión do Selo Biblioteca Escolar Solidaria. As candidaturas reflectirán un enfoque da planificación da biblioteca solidaria sobre problemas reais que afectan á comunidade educativa, e que se pode orientar arredor dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable. Poderán solicitar este recoñecemento as bibliotecas dos centros das etapas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato, ciclos formativos ou ensinanzas de réxime especial.

b) Un máximo de **10 experiencias** na modalidade de Voluntariado de lectura Primaria. Poderán solicitar este recoñecemento as bibliotecas dos centros de Educación Primaria para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria que poidan encaixar nunha das tres categorías descritas na resolución do 30 de novembro de 2022.

#### DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2. Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela  
981 546 503  
[dxoie@xunta.gal](mailto:dxoie@xunta.gal)





## Apartado 2. Prazo de presentación da memoria e criterios de avaliación

Os centros participantes deberán presentar a memoria da modalidade Selo de Biblioteca Escolar Solidaria e/ou Voluntariado de lectura Primaria dende o 28 de marzo ata o 28 de abril de 2023 na aplicación dispoñible no seguinte enlace

<https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>

No caso da modalidade **Voluntariado de lectura Primaria** e co fin de optar á selección de centros galardoados polas súas actividades, a devandita memoria deberá recoller as actividades deseñadas e realizadas pola biblioteca do centro, que se encadren no ámbito do voluntariado de lectura, e nas que estivese directamente implicado alumnado dos dous últimos cursos de ensino primario, acorde cos datos reflectidos na solicitude de inscrición (categoría e breve descrición).

Para a elaboración da memoria existirá un modelo dispoñible na propia aplicación. Esta memoria poderá completarse enviando ata un máximo de 6 imaxes en formato JPG cun peso total de 2 mb. A memoria estará asinada pola persoa coordinadora e visada pola dirección do centro. Os arquivos correspondentes a esta memoria final deberán subirse en formato PDF na aplicación dispoñible no seguinte enlace

<https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>

Para a selección dos centros mencionados no apartado anterior valoraranse as memorias entregadas, en prazo e forma, cun **máximo de 10 puntos** en función dos seguintes aspectos:

- a) Calidade, diversidade das actividades, grao de continuidade, así como coherencia en relación co obxecto da presente convocatoria (**4 puntos**).
- b) Difusión das actividades a través da rede: blog da biblioteca, páxina web do centro ou doutros medios, ao longo do curso académico (**0,5 puntos**).
- c) Grao de autonomía alcanzado polo alumnado na organización e desenvolvemento das actividades realizadas, que se detallarán na memoria (**2,5 puntos**).
- d) Compromiso do profesorado responsable e implicación da comunidade educativa no seu conxunto, que se poñerá de manifesto na descrición da organización e funcionamento das actividades realizadas (**1,5 puntos**).
- e) Número total de alumnos e alumnas implicados directamente nas actividades descritas, non como beneficiarios, senón como protagonistas activos no deseño, organización e desenvolvemento das actividades (**1,5 puntos**).

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá elaborar un breve informe que difundirá a través do portal educativo e doutros medios ao seu dispor e publicará información,

### DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2. Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela  
981 546 503  
[dxoie@xunta.gal](mailto:dxoie@xunta.gal)





así mesmo, sobre aquelas experiencias que merezan difusión pola calidade e repercusión das súas propostas, incidindo no alcance destas actividades na educación para a solidariedade e o espírito de voluntariado do alumnado galego, así como a súa contribución no desenvolvemento de competencias clave.

### Apartado 3. Dotación orzamentaria

Para esta iniciativa destinase un importe global de **28.500 €**, con cargo á partida orzamentaria **10.06.423A.640.10 Programas de atención á biblioteca escolar**, dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o ano 2023, tal como se describe a continuación:

1. Rematado o prazo de presentación de candidaturas para a obtención do Selo **“Biblioteca Escolar Solidaria”** correspondente ao curso 2022/2023, a comisión de valoración contemplada no apartado 6 da resolución do Resolución do 30 de novembro de 2022, presentará unha proposta a esta dirección xeral para a concesión dun máximo de 15 selos, cunha asignación de **1.500 €** por cada selo, que deberá destinarse a actividades da biblioteca escolar no ámbito da atención da diversidade, que faciliten avances na configuración dunha biblioteca inclusiva; así mesmo, esta asignación poderá destinarse a actividades da biblioteca escolar con implicación das familias, no contexto dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU de desenvolvemento sustentable.
2. Na modalidade de **Voluntariado de lectura Primaria** cada un dos 10 centros seleccionados recibirá unha asignación de **600 €** para o desenvolvemento dun obradoiro especializado que deberá versar sobre lectura expresiva, narración oral, escrita creativa, a radio como medio de comunicación, a elaboración de booktrailers, os xogos cooperativos e tradicionais ou a música e danza tradicionais, destinados a un grupo de alumnos e alumnas que tivesen ao longo do curso un papel protagonista (dentro do grupo de voluntarios e voluntarias), participando directamente no deseño e xestión de actividades na biblioteca escolar. En todo caso, será o equipo de biblioteca quen decida finalmente a configuración do grupo que participe nos obradoiros, dentro dos límites da propia actividade para un mellor aproveitamento.

### Apartado 4. Acreditación e recoñecemento do alumnado

Esta proposta intégrase como iniciativa de voluntariado nos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. O alumnado directamente implicado e responsable das actividades de voluntariado de lectura e de atención á biblioteca escolar, de todos os centros inscritos no seu momento, recibirá un diploma pola súa colaboración como acción de voluntariado cultural, así como material divulgativo e de apoio ao programa.





## Apartado 5. Procedemento de selección

Para a concesión do Selo de Biblioteca Escolar Solidaria e a selección das experiencias de Voluntariado de lectura Primaria a Comisión de Valoración, prevista no apartado 6 da resolución do Resolución do 30 de novembro de 2022, revisará as memorias presentadas e elaborará unha proposta de resolución dos centros seleccionados polo interese e calidade das actividades realizadas ao longo do curso escolar.

Tal e como se recolle no apartado 10 da resolución de 30 de novembro de 2022, un centro non poderá ser seleccionado dous anos consecutivos, polo que aqueles centros seleccionados na convocatoria do curso 2021/2022, non aparecerán entre os centros galardoados.

Recoméndase, aínda así, que se remitan as memorias de actividades correspondentes, a efectos do envío do modelo de diplomas para o alumnado voluntario.

## Apartado 6. Resolución

1. Á vista desta proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa resolverá a convocatoria, que será publicada no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal/>

2. Esta resolución será comunicada a través do correo electrónico a todos os centros participantes, e para aqueles centros seleccionados na modalidade de Voluntariado de lectura Primaria iniciaranse os contactos para a organizar a realización, no propio centro, dun obradoiro específico tal e como se recolle no apartado 3 punto 2 desta resolución. A través da Asesoría de Bibliotecas Escolares, desde onde se realiza o seguimento do programa, recibirán a información pertinente para levar a cabo esta actividade no centro, que deberá realizarse antes do 10 de xuño de 2023.

3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

### DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2. Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela  
981 546 503  
[dxoie@xunta.gal](mailto:dxoie@xunta.gal)





## Disposición adicional única. Propiedade intelectual e protección de datos

Resultan de aplicación á presente Resolución as disposicións establecidas na Resolución do 30 de novembro de 2022 da Dirección de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca para o curso 2022/2023 o programa denominado Bibliotecas Escolares Solidarias, integrado no PLAN LÍA (Lectura, Información e Aprendizaxe) de bibliotecas escolares, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. En particular, as previstas no apartado 9 sobre difusión das actividades e na disposición adicional única en materia de protección de datos.

### DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2. Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela  
981 546 503  
[dxoie@xunta.gal](mailto:dxoie@xunta.gal)

